



ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 16 DE OUTUBRO DE 2024

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Reboreda Morillo, Susana

Vaquero Díaz, Beatriz

Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

Rodríguez Álvarez, Lucía

Rama Mosquera, Alejandro

Martiñá Álvarez, María

PAS

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 16 de outubro ás 10,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior correspondente ao 03 de outubro de 2024.
2. Aprobación, se procede, da Declaración de interese para Modificación do título de Grao en Xeografía e Historia para a súa implantación no curso 2026/2027 consistente na adaptación da redacción da memoria á linguaxe inclusiva segundo as recomendacións do Manual de linguaxe inclusiva da Universidade de Vigo e outras normativas vixentes que non supón, en ningún caso, un cambio na estrutura e contido da mesma.
3. Aprobación, se procede, da Declaración de interese para Modificación do título de Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Angüidade para a súa implantación no curso 2026/2027 consistente na inclusión de unha nova materia optativa no plan de estudos: Bioarqueoloxía e análise de ADN antigo (3 créditos. ETCS).
4. Aprobación, se procede, do cambio de horario das materias:
 - Mentalidade, identidade e cambio social, (que pasa de impartirse os mércores de 11:00 a 12:00h e xoves de 10:00 a 12:00h aos mércores de 11:00-13:00h e xoves de 11:00 a 13:00h).
 - Historia Medieval de Galicia (que pasa de impartirse os mércores de 12:00 a 13:00h e xoves de 09:00 a 10:00h aos xoves de 09:00 a 11:00 h)



A xuntanza realízase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Xunta de Facultade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 10:00 e as 12:00 horas do día 16 de outubro de 2024). para pronunciarse sobre os puntos da orde do día, para o cal se achega a documentación necesaria.

a) Se o voto é favorable á aprobación da acta e ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE as propostas contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco) a todos ou calquera dos puntos da orde do día, deberase concretar con precisión o sentido do voto a cada un deles.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Xunta de Facultad, así como da ineficacia de todo o actuado.



Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 16 dos seus membros, co seguinte resultado:

- Os puntos 1, 3 e 4 foron aprobados por unanimidade.
- O punto 2 foi aprobado por maioría (14 votos a favor e 2 en contra)

Remata a sesión ás 12,00 h do día 16 de outubro de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro